

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 26 DE DECEMBRO DO 2005.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteseis de Decembro de dous mil cinco; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente a Secretaria Dona Patricia Hernández Estévez e o Interventor acctal. Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 20 de Decembro (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

LICENZA DEFINITIVA.-

“Visto o expediente tramitado a instancia de **dona Rosa Aparicio Carbajo, administradora da Sociedade “Clínica Veterinaria Ribeiro, S.L.**, con domicilio na rúa Martínez Vázquez (antiga López Ramón), nº 11-Planta Baixa, desta vila, para concesión de licenza de apertura e funcionamento de Clínica Veterinaria, na rúa Martínez Vázquez (antiga López Ramón), nº 11-Planta baixa, desta vila.

Cumpridos os trámites e requisitos esixidos polo Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de Novembro de 1.961 e disposicións complementarias, para concesión de licenza de apertura e funcionamento de Clínica Veterinaria en Rúa Martínez Vázquez (antiga López Ramón) nº 11-Planta baixa, desta vila, para cuxa actividade foi concedida Licenza Provisional por acordo da Xunta de Goberno Local con data 19.04.04, e unha vez presentado certificado de fin de obra o día 30.11.05, emitíuse informe pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico con data 13.12.05.

A Xunta de Goberno Local, en uso das facultades delegadas pola Alcaldía, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Conceder Licenza definitiva a dona Rosa Aparicio Carbajo, administradora da Sociedade “Clínica Veterinaria Ribeiro, S.L. para a apertura e funcionamento da actividade de Clínica Veterinaria na rúa Martínez Vázquez (antiga López Ramón), nº 11-Planta Baixa, desta vila, cuxa eficacia será nula en tanto en canto non se aboe a correspondente taxa pola apertura de establecementos que ascende, segundo liquidación practicada polo Interventor do Concello, a contía de 592,75 euros; condicionando dita licenza á substitución do rótulo e da persiana exterior existente en cumprimento dos seguintes artigos das Ordenanzas do PEPRI, segundo informe técnico de data 13.12.05:

“Artigo 46. Rótulos:

-Os rótulos e anuncios comerciais e publicitarios deberán colocarse sempre na planta baixa, salvo que se xustifique e garanta a súa adecuada integración no proxecto e non se trate de edificacións catalogadas nalgún dos distintos niveis de protección.

-Os rótulos non poderán en ningún caso tapar algún elemento decorativo do edificio.

-Quedan expresamente prohibidos aqueles que sobresaian da fachada. Poden autorizarse tralo informe previo, rótulos tallados en cadeirado de granito, en letras romanas soltas sobre cantería, rótulos de letras douradas sobre o vidro transparente de escaparates, rótulos de madeira con letras pintadas ou en relevo dentro de dimensións que se imporán en cada caso, placas anunciadoras en bronce ou latón gravados, forxa ou chapa que poderá ser pintada de dimensión menor de 30x20 cm. Nos establecementos comerciais non se permiten rótulos luminosos, en neon co tubo visible ou en caixas de material plástico, sobre fachada ou en “bandeiriola”.

Artigo 60. Reixas e Peches de Seguridade en Baixos Comerciais:

Prohíbese a instalación de persianas ou peches de seguridade totalmente opacos que oculten o pechamento de vidro ou carpintería dos vanos. Poderán dispoñerse reixas caladas, metálicas ou de fundición que permitan a visión da configuración do oco da fachada, sen ocultar maineis nin carpinterías, non admitíndose a instalación vista de capialzados para aloxar o mecanismo de enrolado ou recollida. Prohíbense as reixas de aluminio.

O seu acabado e coloración deberá harmonizar co resto da fachada e, en particular, coa carpintería da planta baixa no seu conxunto. Recoméndase o deseño específico das reixas de protección nas portadas de locais comerciais conforme a estes criterios, evitando a xeneralización de modelos industrializados.”

Advertir ao interesado que posúe un prazo de 15 días para proceder a subsanación dos defectos sinalados no informe da arquitecta da Oficina do PEPRI.

Segundo.- A expedición da correspondente licenza pola Secretaría do Concello, que servirá ao interesado como documentos acreditativo desta concesión.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao interesado.”

4.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADÁNS.-

“Visto o escrito presentado por **don Dositeo Pérez Silva**, con domicilio en Reigoso, Castrelo de Miño, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga

para o inmovible sito na Estrada de Francelos, nº 23-Ático, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concede-lo dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **don José Solar Seoane**, con domicilio en Avda. Redondela, nº 4-2ºE, desta vila, n o que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Avda. Redondela, nº 4-2ºE, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concede-lo dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **don Camilo Alberto Prol Conde**, con domicilio en Avda. Redondela, nº 4-2ºA, desta vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Avda. Redondela, nº 4-2ºA, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concede-lo dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **dona Raquel Martínez Gómez**, con domicilio en Rosalía de Castro, nº 6-P1-4ºB, desta vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa Rosalía de Castro, nº 6-P1-4ºB, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concede-lo dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **dona María del Portal Fernández Pérez**, con domicilio en rúa Ribeiro, nº 68-5ºD, desta vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa Ribeiro, nº 68-5ºD, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concede-lo dereito de acometida para o uso

doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

5.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, toma coñecemento dos seguintes:

“Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), de data 16.12.05, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 23.12.05, no que se comunica a existencia dunha instalación a nome de GRANITOS CORTEGADA S.A., emprazada no lugar de Valdepereira, non constando nos arquivos da Delegación a tramitación polo Concello do expediente de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.”

“Escrito da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Dirección Xeral de Administración Local), de data 19.12.05, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 23.12.05, no que se comunica que consta unha petición de inicio de expediente de segregación-agregación de 1999, en relación co núcleo de Portalaxe para a súa integración no Concello de Ribadavia, sen que se teñan recibido outras actuacións, polo que non se considera iniciado ningún expediente, debendo seguir neste suposto o procedemento dos artigos 31 e SS. da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galiza, sendo a forma máis axeitada que a tramitación se levase a cabo de forma voluntaria por ámbolos dous concellos ou a instancia veciñal, mediante a constitución dunha Comisión Promotora, encargada de incorporar ao expediente a documentación sinalada nos artigos 34 e 35 da Lei 5/97.”

“Escrito da Consellería de Presidencia (Secretaría Xeral de Emigración), de data 20.12.05, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 21.12.05, polo que se achega orixinal asinado do Convenio asinado entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello para o desenvolvemento de actuacións de acollida e integración de persoas inmigrantes.”

“Escrito da Confederación Hidrográfica do Norte (Comisaría de Augas), de data 12.12.05, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 22.12.05, pola que se comunica a autorización concedida a Obras, Caminos y Asfaltos, S.A. (OCA), para legalización da construción dun canal de escollera para encauzamento do arroyo de Nabas o As Chabolas e a autorización para a construción de ampliación dun drenaxe transversal da autopista A-52, cuneta triangular en formigón e substitución dunha obra de drenaxe transversal por outra de maior diámetro na N-120, no lugar de As Chabolas, termos municipais de Cenlle e Ribadavia (Ourense).”

“Escrito da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Secretaría Xeral), de data 15.12.05, con entrada no rexistro xeral do Concello o 20.12.05, polo que se remite orixinal do Convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello para a execución dunha actuación en obras de entornos urbanos “Mellora da accesibilidade da rúa Banda La Lira no casco histórico de Ribadavia.”

“Dáse conta do escrito do Xulgado do Contencioso-administrativo número un de Ourense, de 14 de decembro de 2005, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 21.12.05, polo que se comunica ao Concello que no Xulgado séguese recurso contencioso-administrativo núm. 319/05, a instancia de don Juan Miguez Montero, contra a resolución da Alcaldía do Concello de Ribadavia de data 11 de outubro de 2005. No escrito requírese a remisión no prazo de vinte días do expediente administrativo, completo, foliado e debidamente autenticado, acompañándose dun índice dos documentos que conteña, debéndose notificar nos cinco días seguintes a resolución pola que se acorda remitir o expediente, previamente a súa remisión, a cantos aparezan como interesados nel, emprazándoos para que poidan persoarse como demandados ante dito Xulgado no prazo de nove días, con remisión das xustificacións dos emprazamentos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, dáse por enterada, e acorda:

Primeiro.- Remitir o expediente administrativo ao Xulgado completo, foliado, debidamente dilixenciado e cun índice comprensivo dos seus documentos.

Segundo.- Emprazar a cantos aparezan como interesados co fin de que poidan persoarse como demandados.

Terceiro.- Nomear como avogado para dita causa a don Angel Pazos Huete.”

“Escrito do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Ourense, de 14.12.05, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 21.12.05, polo que se concede ao Concello un prazo de cinco días a fin de que alegue o que ao seu dereito interese, en relación coa suspensión do acordo solicitada por don Juan Miguez Montero no recurso contencioso-administrativo 319/05.”

6.- CUESTIÓNS ECONOMICAS.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda o recoñecemento da obriga resultante da factura nº 004, de data 01.11.2005, presentada por Turmais, S.L., con NIF B-32319295, en virtude do Convenio asinado entre a empresa e o Concello para o desenvolvemento de diversas accións de carácter socio-turístico en Ribadavia e arredores, e cuxo importe ascende a contía de 9.246,38 euros.”

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda o recoñecemento da obriga asumida por este Concello, en virtude do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e a agrupación danza e baile Nosa Señora do Portal, de aboar a contía de 1.202, 02 euros a dita agrupación, polas actuacións do ano 2003.”

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda o recoñecemento da obriga resultante da factura nº 6/2005, presentada pola Asociación Gaitas Y Danzas Virxe do Portal, con CIF: G-32213563, o día 22.11.05, por saídas pendentes do ano 2004 e do ano 2005, cuxo importe ascende a 1.080 euros.”

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº 10/05.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº 10/05, por importe de 9.246,38 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal.

7.- ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, PROGRAMA EQUAL AVIA CREA FUTURO.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a convocatoria e bases para a contratación de persoal laboral temporal, Programa Equal "Avia Crea Futuro" (1 Técnico Local de Emprego), que de seguido transcríbese:

"BASES PARA A CONTRATACION DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, PROGRAMA EQUAL AVIA CREA FUTURO".-

1.- OBXECTO.-

E a regulación do trámite de contratación de persoal temporal deste Concello do seguinte posto:

A) TECNICO LOCAL DE EMPREGO.-

PRIMEIRO.- Denominación do Posto: Técnico Local de Emprego do programa Comunitario Equal "Avia Crea Futuro".

SEGUNDO.- Número de postos que se convocan: 1.

TERCEIRO.- Clase de Contrato: De obra ou Servizo Determinado a tempo completo.

CUARTO.- Duración do Contrato: Finalización Programa Equal "Avia Crea Futuro".

2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar na selección será preciso cumprir os seguintes requisitos específicos:

1.- Posuír a nacionalidade española ou a dun Estado membro da Unión Europea ou do espazo económico europeo, u ostentar o dereito á libre circulación de traballadores conforme ó Tratado da Unión Europea.

2.- Ter cumpridos 18 anos, salvo que a normativa ou subvención dispoña outra cousa.

3.- Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvendo das correspondentes funcións.

4.- Non estar separado do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas

5.- Posuír a titulación esixida par acceder á praza convocada:

A) Técnico Local de Emprego: Licenciatura.

Os requisitos deberán cumprirse na data na que remate o prazo de presentación das instancias e que estean debidamente xustificadas.

3.- SISTEMA DE SELECCION.

A selección realizarase mediante o sistema de concurso no que se valorarán os méritos presentados polos aspirantes de conformidade co recollido nestas bases as cales serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello.

4.- DOCUMENTACION E PRAZO PARA A PRESENTACION DAS SOLICITUDES.

As solicitudes formalizaranse nas instancias que se axuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou remitilas por calquera dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, no prazo de seis días hábiles, comezando a computarse dito prazo a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio nun diario de difusión provincial, achegándose a seguinte documentación:

- Copia cotexada do D.N.I. ou documento que proceda para os estranxeiros.

- Copia cotexada da titulación académica, así como dos títulos, carnés ou certificacións profesionais que se esixan.

- Documentos acreditativos dos períodos de inscrición como demandante de emprego na oficina pública de emprego, así como informe da vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificación negativa da vida laboral.

- Declaración de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño do posto de traballo.

- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e cotexada de cada un deles.

En ningún caso, se admitirán nin se valorarán os méritos non xustificados, ou presentados unha vez rematado o prazo de entrega de solicitudes.

5.- BAREMO DE MERITOS.

O baremo aplicado na valoración de méritos xerais será o seguinte:

A) TECNICO LOCAL DE EMPREGO.-

1.- Circunstancias persoais.-

- Por cada ano de residencia neste Concello (acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar): 0,20 puntos, ata un máximo de 1 punto.

- Por cada mes acreditado como desempleado/a, por medio do documento acreditativo dos períodos de inscrición como demandante de emprego: 0,02 puntos, ata un máximo de 1 punto.

- Por cada fillo ó seu cargo, menor de 25 anos, sen ingresos, que conviva no domicilio do solicitante 0,20 puntos con un máximo de 0,60 puntos (Acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar)

- Por cada fillo ó seu cargo, maior de 25 anos, sen ingresos, que conviva no domicilio do solicitante 0,10 puntos con un máximo de 0,30 puntos (Acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar)

- Por servizos voluntarios prestados á Comunidade a través de organizacións, fundacións ou institucións recoñecidas oficialmente: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,10 puntos.

2.- Experiencia profesional.-

- Por servizos prestados no Concello de Ribadavia na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por servizos prestados noutras Administracións Públicas na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por prácticas profesionais relacionadas coa actividade: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por experiencia profesional en posto similar o ofertado: 1 punto/ano, ata un máximo de 3 puntos.

3.- Formación especializada.-

a) Por cada curso de formación, perfeccionamento ou xornadas impartidas polas Administracións Públicas, Universidades, Oficinas de Emprego, Formación Ocupacional ou Continua e demais centros oficiais, relacionados coas funcións propias da categoría, ata un máximo de 2 puntos, baremado do seguinte modo:

- Cursos de ata 30 horas: 0,10 puntos/curso, ata un máximo de 0,40 puntos

- Cursos de ata 100 horas: 0,15 puntos/curso, ata un máximo de 0,60 puntos

- Cursos de mais de 100 horas: 0,20 puntos/curso, ata un máximo de 0,80 puntos

- Por xornadas: 0,05 puntos/xornada, ata un máximo de 0,20 puntos.

Tódolos cursos e xornadas realizados teñen que estar directamente relacionados coas funcións que se desenvolven.

b) Por masters ou cursos de postgrao relacionado co posto a desenvolver (Fondos Comunitarios, Xestión de desenrolo Local etc...), ata un máximo de 5 puntos, baremado o seguinte modo:

Masters ou curso de postgrao ata 400 h, 2 puntos.

Masters ou curso de postgrao de máis de 400 h, 3 puntos.

4.- Titulación:

Por titulación para o desempeño do posto:

1. Por titulación académica.

Por Licenciatura de Dereito, Políticas, Económicas ou Empresarias, valorarase con 2 puntos.

2. Polo recoñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado):

- Curso de iniciación ó galego: 0,20 puntos

- Curso de perfeccionamento: 0,30 puntos

- Curso de especialización: 0,50 puntos

3. Polo recoñecemento acreditado do idioma inglés (titulación recoñecidas oficialmente), valorarase de 0 a 5 puntos.

5.- Entrevista:

Realización dunha entrevista persoal sobre cuestións relacionadas co posto de traballo ofertado, valorarase de 0 a 5 puntos.

7.- TRIBUNAL CALIFICADOR.-

O Tribunal que terá como función a valoración dos méritos alegados polos aspirantes, estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE: O Alcalde ou persoa en quen delegue

SECRETARIO: O Secretario do Concello ou funcionario no que delegue.

VOCAIS:

- Un concelleiro de cada grupo municipal designado polo seu voceiro.
- Un funcionario ou persoal laboral do Concello.-
- Un delegado de persoal do Concello.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza da maioría dos seus membros, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do secretario.

O Tribunal poderá nomear asesores, con voz pero sen voto, sempre que se estimen necesarios para a adecuada cualificación dalgunha proba.

O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

8.- PROCEDIMIENTO DE SELECCION.

O Tribunal valorará a documentación presentada de acordo co baremo de méritos xerais que figuran nas presentes bases.

Por resolución da Alcaldía aprobárase a lista de admitidos e excluídos ó concurso, que se fixara no Taboleiro de anuncios do Concello de Ribadavia, concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións subsanacións de erros ou aportación de documentación complementaria.

O cuarto día natural (ou ó posterior hábil seguinte para o caso de tratarse dun festivo), a contar dende que se puxo no taboleiro a lista de admitidos, reunírase o Tribunal para a valoración dos méritos e das probas, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos aspirantes que fosen declarados seleccionados.

O Tribunal formulará proposta de contratación en número que non exceda das prazas a cubrir sen prexuízo de que nas bases específicas se poida propoñer formar unha bolsa de traballo así coma o período de duración da mesma cos aspirantes non seleccionados.

9.- NOMEAMENTO E FORMALIZACION DE CONTRATOS.

A proposta do Tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

O acordo que adopte a Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, para coñecemento de tódolos aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

Os contratos serán formalizados polo Sr. Alcalde.

ANEXO 1º

MODELO DE INSTANCIA

D/^a.....
provisto/a de D.N.I. nº con enderezo na rúa.....
nº.... piso..... C.Postal..... Localidade..... Municipio.....
Provincia..... Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Ribadavia para a contratación en réxime laboral e por tempo definido e determinado de..... posto/s para.....

D E C L A R O:

- 1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2º.- Solicito ser admitido/a ó referido concurso-oposición, e comprometéndome a someterme ás bases que o regulan.

Rivadavia, a..... de de 2005.

ANEXO II

DECLARACION RESPONSABLE.

D/^a..... provisto de D.N.I.
nº....., con enderezo na rúa..... núm..... piso.....
C.P..... Localidade..... Municipio.....Provincia.....
Teléfono.....

DECLARO:

Que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo e que acreditarei fehacementemente se o Concello o require.

Rivadavia,..... de..... 2005".

MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA RÚA BANDA LA LIRA CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Aprobar o Proxecto Básico e de Execución de actuación para Mellora da Accesibilidade na rúa Banda La Lira. Casco Histórico de Ribadavia, redactado polas arquitectas da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, dona Susana Alberte Sendín e dona Mercedes Álvarez López, e cuxo orzamento de execución por contrata ascende a 149.988,60 euros.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación e con el o Prego de cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexer para a contratación mediante concurso con procedemento aberto, en trámite de urxencia, as obras denominadas "Mellora da accesibilidade na rúa Banda La Lira. Casco Histórico de Ribadavia", do Concello de Ribadavia, o cál achase no expediente, e que ten as seguintes características:

CADRO DE CARACTERISTICAS DE CONTRATO:

1.-Proxecto: Mellora da accesibilidade na Rúa Banda La Lira.Casco Histórico de Ribadavia.

2.-Presuposto: 149.988,60 euros (IVE incluído).

3.-Financiación: FEDER, IMSERSO, FUNDACIÓN ONCE, CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES E CONCELLO.

4.-Prazo de execución: 3 meses.

5.-Clasificación: Grupo A, Subgrupo 1, Categoría d; Grupo C, Subgrupo 2, categoría d; Grupo C, Subgrupo 5, categoría d.

6.-Lugar de presentación de ofertas: Concello de Ribadavia.

7.-Prazo de presentación de proposicións: trece días naturais a contar do día seguinte ó de publicación do anuncio no BOP, en horas de nove a trece horas.

8.-Garantía provisional: 2% do prezo de licitación.

9.-Garantía definitiva: 4% do prezo de adxudicación.

10.-Taxas do contrato: Cláusula 28 do Prego.

11.-Revisión de prezos: non procede

12.-Control de calidade: Cláusula 29 do Prego.

13.- Apertura de plicas: As 12 horas do terceiro día seguinte hábil (agás os sábados) a aquel no que termine o prazo de presentación de ofertas.

Outros datos:

Información teléfono: Concello de Ribadavia, Praza Maior nº 4. Tfno. 988477100. Fax 988477101.

Lugar onde se poden obter copias do proxecto e prego: Concello de Ribadavia.

Terceiro.- Xustificar a tramitación de urxencia debido ao prazo previsto no Convenio de Colaboración entre o IMSERSO, Fundación ONCE e o Concello, asinado o día 21 de

xuño de 2005 e no que se prevé que terá efectividade ata o día 31 de decembro de 2005, e nos prazos previstos polos diferentes organismos subvencionadores para a presentación das xustificacións pertinentes.”

RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO SANCIADOR POR INFRACCIÓN DA ORDENANZA DE VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE RIBADAVIA.-

Visto o parte da policía local de data 27 de xullo de 2005 no que se comunica ao Sr. Alcalde a comisión, o día de feira, dunha serie de feitos constitutivos das faltas moi graves recollidas no artigo 13 apartados C (Desacato aos axentes da Autoridade) e E (Instalación de posto sen autorización) da Ordenanza sobre venda ambulante do Concello de Ribadavia, polo vendedor don Bathie Indiaye, con domicilio na rúa Baro Santo Cristo, nº 11, Ourense.

Tendo en conta que a competencia en materia de sanción por infracción de ordenanzas municipais corresponde a Xunta de Goberno en virtude de delegación da Alcaldía de data 16 de xuño de 2003.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 4 de agosto de 2005, de incoación de expediente sancionador por infracción da Ordenanza de venda ambulante en base os feitos anteriormente descritos por presunta infracción, por don Bathie Indiaye, do artigo 13 apartados C e E da Ordenanza de Venda Ambulante do Concello de Ribadavia, sendo a sanción prevista para estes supostos a de multa de 150,26 a 601,01 euros e mesmo a revogación da autorización; nomeando como instrutor do Procedemento o Concelleiro de Servizos Municipais, don Ignacio Gómez Pérez, e como Secretario do procedemento ao do Concello, e concedendo ao interesado un prazo de 15 días para alegacións.

Vistas o escrito de alegacións presentado dentro do prazo concedido ao efecto por don Bathie Indiaye, no que entre outras cuestións alega:

- que en ningún momento se lle faltou ao respecto aos axentes.
- que conta cun posto nas feira para o cal conta coa preceptiva licenza e paga os recibos correspondentes, limitándose o día de feira a colocar no solo, ao lado de dito posto, un pano estendido con máis mercadoría, e cando os axentes lle pediron que o retirase procedeuse a facelo.
- que non cometeu feito algún que se poida considerar infracción administrativa e que de lugar a sanción, polo que solicita que se teña por presentado o escrito de alegacións e se proceda a ditar resolución na que se acorde o arquivo das actuacións.

Visto o informe da policía local a ditas alegacións de data 13 de setembro de 2005, no que se ratifican na denuncia inicial.

Vista a proposta de resolución do instrutor ditada con data 30 de setembro de 2005, pola que se desestiman as alegacións formuladas polo interesado, declarando responsable

das infraccións tipificadas, como moi graves, no artigo 13 apartados C (Desacato aos axentes da Autoridade) e E (Instalación de posto sen autorización) da Ordenanza sobre venda ambulante do Concello de Ribadavia, a don Bathie Indiaye, e proponendo a imposición da sanción mínima prevista para as infraccións moi graves que ascende a 25.000 pts (150,25 euros).

Vistas as alegacións presentadas polo interesado contra dita proposta de resolución, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Estimar as alegacións formuladas.

Segundo.- Declarar a non existencia de infracción nin de responsabilidade nos feitos denunciados de don Bathie Indiaye.

Terceiro.- Notificar esta resolución ao interesado, coa indicación do réxime de recursos que proceden contra a mesma.”

8.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.